



**Concello de
Portas**
(Pontevedra)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

En Portas, a sete de marzo de dous mil dezaioito.

REUNIDOS:

Dunha parte, Víctor Estévez Casal, Alcalde do Concello de Portas, con D.N.I. 35.428.601E actuando no seu nome e representación, e sendo o C.I.F. do Concello P3604000D

Doutra parte, Jesús Busto Peteiro con D.N.I. 76.506.101 M, como representante autorizado da Fundación Amigos de Galicia, sendo o C.I.F. da Fundación G 15859911.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN:

Primeiro: A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establece no seu artigo 19 o procedemento de concesión directa de subvencións.

Segundo: A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concorrência ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/persoa, ou que sendo realizada por varias, concédense a tódolos solicitantes.

Terceiro: Acredítase o interese público, social, económico ou humanitario da subvención.

Cuarto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 11 da lei 9/2007, que imposibilitan a obtención da



**Concello de
Portas**
(Pontevedra)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e a Comunidade Autónoma.

CLÁUSULAS:

- I.** A presente subvención ten por obxecto o desenvolvemento do **“Plan de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”** no cal se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas, sendo de interese público, social e/ou humanitario.
- II.** Os principais colectivos beneficiarios das axudas expostas neste convenio son:
- *As mulleres vítimas de violencia de xénero*
 - *As familias monoparentais, parados de longa duración con menores a cargo.*
 - *Os beneficiarios de prestacións mínimas sen recursos económicos e con menores ao seu cargo.*
 - *As persoas en risco de exclusión social.*
- Tódalas persoas incluídas neste programa teñen que ser valoradas polos Servizos Sociais e o programa deberá contar coa aprobación do concello.**
- III.** A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos, e os custos que acarrea, para as persoas necesitadas do **Concello de Portas**, concedéndose a **cantidade de 3.000 euros** de subvención con cargo á aplicación orzamentaria 231.480 do exercicio de 2018.
- IV.** O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.



**Concello de
Portas**
(Pontevedra)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

- V. A subvención é compatible con outras subvencións, a axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- VI. O pagamento da subvención será en dous prazos; ***unha primeira metade, efectiva unha vez rematado o primeiro semestre da actividade realizada. O restante, efectivo unha vez rematada a actividade subvencionada***, previa presentación dunha pequena memoria especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior á cantidade concedida.
- O prazo para a xustificación será de tres meses dende a celebración da actividade, ou en caso de subvencionarse varias actividades, dende a celebración da actividade, ou en caso de subvencionarse varias actividades, dende a última celebrada e **en todo caso antes do día 15-12-2018.**
- VII. O beneficiario queda obrigado a reflectir, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables da Área de Comunicación. Asemade, o concello fará constar na súa publicidade a colaboración da Fundación Amigos de Galicia.
- VIII. O beneficiario estará obrigado a reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.



**Concello de
Portas**
(Pontevedra)

C.I.F. P-3604000 D
Rúa Rapeira 1 C - 36.658 Portas

Tel. : 986 - 536161
Fax : 986 - 536348
e-mail: portas@concellos.depontevedra.es

Núm. _____

IX. O beneficiario estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino das subvencións.

Nestes termos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervincentes se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un so efecto, na data no encabezamento expresada.

35428601E Firmado
digitalmente por
VICTOR 35428601E
ESTEVEZ (R: VICTOR ESTEVEZ
P3604000D (R: P3604000D)
Fecha:
) 2018.03.07
13:45:08 +01'00'

*Asdo. Víctor Estévez Casal
Alcalde
Concello de Portas*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

BUSTO
PETEIRO
JESUS -
76506101M
Firmado digitalmente por BUSTO PETEIRO
JESUS - 76506101M
Fecha: 2018.03.07
11:42:34 +01'00'

*Asdo. Jesús Busto Peteiro
Director Xeral
Fundación Amigos de Galicia*